

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **16 de novembro de 2017**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. ^a Ana María Villarino Pardo DEPUTADOS/AS: D. ^a Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas D. Vicente Gómez García D. ^a Isabel Gil Álvarez D. Adolfo González Novoa D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Juan Marquina Fuentes INTERVENTORA ACCTAL.: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 16 de novembro de 2017 , ás 17:30 horas, baixo a presidencia de dona Ana María Villarino Pardo e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
---	--

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE OUTUBRO 2017.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 1 de outubro de 2017, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, pregúntalle á presidenta da comisión se lle pode precisar o grao de execución que ao día de hoxe ten o Plan Ourense Termal.

A **presidenta da comisión** contesta que, sen coñecer neste momento os datos exactos si pode apuntar que o grao de execución é xa superior ao 50% do programado, se ben procurará darlle os datos con maior concreción.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, reitera o pagamento realizado na anterior comisión de que se lle indique desde a Área de Medio Ambiente como se debe proceder á reposición dos contedores de vidro, se pola Deputación, polos concellos ou pola empresa que o xestiona.

E, ás 18.00 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.